

EXPEDIENTE 6628/2023: 11/2023: OBRAS - MIRADOR DA PEIXEIRA E CONEXIÓN CO CAMPO DE SAN ROQUE (PORTONOVO) - PROGRAMA PON20230 DEPUTACIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E DO GASTO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria urxente do día 23 de xuño de 2023 acordou conceder unha subvención de importe 792.430,22€ para o financiamento da actuación “Mirador da Peixeira e conexión co Campo de San Roque (Portonovo), cuxo importe total ascende a 990.537,77€, resultando unha achega do Concello de 198.107,55€. Este proxecto encádrase nos definidos como actuación tipo 3, en base ao recollido nas Bases Reguladoras do Programa PON2030:

“Recuperación, mellora, urbanización ou reurbanización de espazos públicos co o obxectivo de darlles un uso plural, amable, e de fomentar a estancia e as mobilidades alternativas, na liña do cumprimento dos Principios Ágora, establecidos pola Deputación de Pontevedra na Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público”.

Esta subvención concédese con suxeición ás seguintes condicións:

- a) Tras a resolución definitiva asinarase un convenio co concello beneficiario, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes. Á data da presente memoria xustificativa da necesidade do contrato está pendente de sinatura o convenio, que foi aprobado por resolución da alcaldía de data 04 de agosto de 2023.
- b) A subvención concédese para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
- c) O beneficiario deberán posuír todas as autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras. Previa aprobación do proxecto técnico das obras, mediante resolución da alcaldía de data 21 de abril de 2023, foron outorgadas todos os permisos sectoriais preceptivos (Costas da Xunta e do Estado e Patrimonio da Xunta).
- d) O beneficiario deberá ter executadas na súa totalidade as actuacións para as que se conceden as axudas a 30/04/2025. Así mesmo, deberá xustificalas no prazo de cinco meses desde a súa finalización (marcada pola data máxima da certificación final ordinaria) sen exceder, en todo caso, o 30/09/2025. O incumprimento destas obrigas dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.



e) A licitación, execución e xustificación deste investimento correspóndelle ao concello beneficiario, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e a lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

f) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.

O 21 de abril de 2023 aprobouse mediante resolución da alcaldía o proxecto denominado “Mirador da Peixeira e conexión co Campo de San Roque, redactado polos arquitectos Gabriel Alarcón Sabarís, Luciano González Domínguez e Miguel Estévez Gómez.

En data 21 de novembro de 2023, asinouse o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo para a execución da actuación denominada “Miradoiro da Peixeira e conexión co Campo de San Roque (Portonovo), no marco do programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030”.

Mediante resolución de alcaldía de 22 de xaneiro de 2024 incoouse expediente para a contratación da obra Mirador da Peixeira e conexión co Campo de San Roque (Portonovo), cun presuposto base de licitación de 990.537,77 euros, dos que 792.430,22 € corresponden á subvención outorgada pola Deputación de Pontevedra e 198.107,55 € á aportación con fondos propios do Concello.

En data 31 de xaneiro de 2024 a secretaría xeral emitiu informe favorable á aprobación do expediente de contratación. No mesmo senso, o interventor xeral emitiu informe de fiscalización o 1 de febreiro de 2024.

Á vista dos antecedentes expostos, e no uso das miñas atribucións, esta alcaldía **resolve:**

Primeiro: Aprobar o expediente para a contratación da obra Mirador da Peixeira e conexión co Campo de San Roque (Portonovo), mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, cun orzamento base de licitación, entendido como límite máximo do gasto que, en virtude do contrato e ao longo da duración do mesmo, compromete ao órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, que ascende a 990.537,77 euros, conforme ao detallado na cláusula 2 do PCAP.

O valor estimado do contrato ascende a 818.626,26 €. O contrato non se encontra suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co sinalado nos arts. 19 e 20 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), ao ser o seu valor estimado inferior a 5.538.000,00 €



Segundo: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado o 31 de xaneiro de 2024, que consta de 26 cláusulas e 5 anexos (incorpórase como anexo ao PCAP o Plan de mantemento elaborado polos redactores do proxecto).

Terceiro: Aprobar o gasto pola contía de 990.537,77 € (IVE incluído), suficiente para atender as obrigas de carácter económico para o ente contratante durante o presente exercicio, existindo crédito suficiente no presuposto separado de gastos da Entidade Local, con cargo á partida orzamentaria 15310/62300.

Cuarto: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa **publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Sanxenxo a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.**

En Sanxenxo,
O alcalde, Telmo Martín González
O secretario accidental, Luis Ángel Sabariz Rolán

